

CONTRATACIÓN ATSP200301: NOTA ACLARATORIA – Corrección de erros

Control e Vixilancia, incluída Coordinación de Seguridade e Saúde, da Obra "Ramal de conexión entre a AG-53 e a N-525 en Dozón (PO/19/027.01)

Con data do 16 de novembro publicouse na Plataforma de Contratos, no Perfil de Contratante e no SILEX, a licitación do servizo: "ATSP200301-Control e Vixilancia, incluída Coordinación de Seguridade e Saúde, da Obra "Ramal de conexión entre a AG-53 e a N-525 en Dozón (PO/19/027.01)"

Con data do 4 de decembro ten entrada no Rexistro de SPI Galicia a presentación do recurso especial en materia de contratación nº 224/2020 interposto polo "Colegio de Ingenieros Técnicos de Obras Públicas" contra o Prego coa solicitude do expediente administrativo e do informe ao que se refire o artigo 56 da LCSP.

No citado recurso cuestionase a limitación das titulacións esixidas como solvencia técnica para os postos de Delegado do contrato e Xefe de Unidade, á titulación de Master en Enxeñería de Camiños ou equivalente, reclamando que se admitise para ambos a titulación de Grao en Enxeñería Civil e se reclama a redución da experiencia mínima esixida para o posto de Delegado do contrato.

O 7 de decembro procedeuse por parte de SPI a dar contestación ao recurso co envío do informe relativo as titulacións esixidas como solvencia técnica que figuran no apartado 16 da Folla de Especificacións coa seguinte redacción:

- *Delegado do contrato. Titulación Master en Enxeñería de Camiños ou equivalente. Experiencia mínima de 10 anos en traballos relacionados con obras ou proxectos de estradas.*
- *Xefe da unidade control. Titulación Master en Enxeñería de Camiños ou equivalente. Experiencia mínima de 5 anos en traballos de execución ou de control e vixilancia de obras de estradas.*

Se recoñece por parte de SPI Galicia que existe un erro no Prego, cuxa redacción impide considerar a titulación de Grado en Enxeñería Civil como válida para os dous postos obxecto da reclamación, e se propón a corrección do contido relativo ás titulacións mínimas esixidas para o Delegado do contrato e para o Xefe da unidade de control que se especifican no punto 16 da Folla de Especificacións da licitación, ampliando ambos postos ás titulacións de Grado en Enxeñería Civil, ou equivalente, coa seguinte redacción:

- *Delegado do contrato. Titulación Master ou Grado en Enxeñería Civil ou equivalentes. Experiencia mínima de 10 anos en traballos relacionados con obras ou proxectos de estradas.*
- *Xefe da unidade de control. Titulación Master ou Grado en Enxeñería Civil ou equivalentes. Experiencia mínima de 5 anos en traballos de execución ou de control e vixilancia de obras de estradas.*

Ao mesmo tempo se decide manter a experiencia mínima esixida para o posto de Delegado do contrato.

Con data 21 de decembro ten entrada en SPI Galicia a Resolución do recurso especial en materia de contratación nº 224/2020 estimando parcialmente o recurso presentado polo “Colegio de Ingenieros Técnicos de Obras Públicas”.

Tendo en conta que o prazo para a presentación das propostas remataba o 4 de decembro, ao ter que modificar os Pregos coa retroacción da licitación ao momento da corrección e abrir un novo prazo, dado que o Sistema de Licitación Electrónico (SILEX) non permite a retirada por parte dos licitadores da súa proposta nin a apertura dun novo prazo de licitación se acorda dar por anulado o expediente aberto ATSP20301 no SILEX a abrir un novo, con clave ATSP200301., no cal deberán presentar as súas ofertas tódalas empresas interesadas.